

Cristina Martínez: «Hai dúas vertentes críticas: a liña nacionalista, que cuestiona o proxecto de Galaxia, e a reintegracionista. Emítese discurso desde unha posición afectivo-sentimental»

Malores Villanueva: «O propio Ferrín di que el forma parte do «proxecto político» de Galaxia. No galeguismo interior está Paz Andrade, que non está en Galaxia»

moitas outras figuras do exilio. Seoane di que Galaxia vai facer en Galicia o que el facía en América. El tamén edita libros. Nin o galeguismo interior nin o exterior son homoxéneos.

CM: O nacionalismo galego de preguerra xa ten unha vertente culturalista. Mais aquí hai dous elementos centrais. Un, que o exilio, en comparación con Euskadi e Cataluña, que teñen Francia preto, está moi lonxe. E iso dificulta a comunicación. Pero o máis relevante é que Galaxia boicotea a creación de partidos nacionalistas nos 60. Para Rodríguez-Polo, segundo explica n' *O triunfo do galeguismo. Opinión pública, partidos políticos e comportamento electoral na transición autonómica en Galicia*, a estratexia de Galaxia foi un éxito, porque conseguiu embeber de galeguismo os partidos estatais. Os historiadores Justo Beramendi e Núñez Seixas din o contrario n' *O nacionalismo galego*: que foi unha suspensión da evolución do nacionalismo galego. E a herdanza do culturalismo é aínda moi visible. Por exemplo, na centralidade da lingua nos debates políticos actuais.

MV: Non creo que o galeguismo nese momento sexa comparable ao desenvolvemento do nacionalismo en Cataluña e no País Vasco. Non hai tal enfrontamento entre o interior e o exterior. Iso é reducir.

O relevante se cadra non é se merece o adxectivo culturalista ou político, —admitindo que política e cultura sexan campos independentes, que é discutible—, senón cales foron as opcións políticas tomadas e, sobre todo, cal foi o resultado.

CM: Non se cuestiona o proxecto inicial de Galaxia. O problema é o boicot que fan ao desenvolvemento de partidos nacionalistas nos 60.

Ás veces parece tamén case como que se quere culpar a Piñeiro da falta de hexemonía social e política do nacionalismo na actualidade.

CM: O capital organizativo do galeguismo estaba en mans de Galaxia. Por iso tivo serias consecuencias o feito de que non apoiasen os partidos nacionalistas nos 60. A reacción de Piñeiro contra o nacionalismo no primeiro Parlamento foi moi dura. A súa aposta foi introducirse nos partidos estatais, cos resultados que iso tivo.

MV: Non había ninguén máis que puidese organizar o nacionalismo? Está o PSG, por exemplo, e a UPG. Creo que é esaxerado dicir que Piñeiro impediu que o nacionalismo se refundase. O que pasa é que os partidos nacionalistas fundáronse e refundáronse, se cadra non cos resultados que esperaban. Piñeiro decidiu posicionarse co PSOE, unha opción cuestionable, pero de aí a facelo responsable dos males do nacionalismo hai un abismo.

CM: O PSG é impulsado polo propio Piñeiro, na súa estratexia de promover un partido socialdemócrata e outro democristián, ao xeito europeo. Os demais non tiñan a mesma capacidade para erguer un proxecto nacionalista. E Beiras rompe con Piñeiro. O PSG vai aproximarse ás coordenadas ideolóxicas da UPG.

MV: Piñeiro non é Galaxia e, no caso de Beiras, ademais das ideas, inflúen razóns persoais.

Galaxia tamén contou na primeira etapa con xente afín ao réxime franquista. Cal foi o seu papel?

CM: Funcionaban como cobertura ante o réxime. En *Grial*, por exemplo, tiña que haber un xornalista que fose director, e optan por Landeira Irago. Na *Revista de Economía de Galicia* teñen a Antonio Rosón no consello de redacción. Mais non creo que contar con xente afín ao réxime tivese consecuencias na actuación de Galaxia, que si se move dentro da oficialidade aceptando as regras do xogo e adaptándose.

MV: Tamén hai moitas maneiras de ser afín ao franquismo. Non é o mesmo ter un cargo público que non telo, por exemplo. O que si é verdade é que Galaxia constrúe un discurso para poder recuperar a Cunqueiro, dicindo que o seu falanxismo fora un alleamento transitorio. O propio Cunqueiro asume iso e tenta facer méritos publicando todo en galego.

CM: Cunqueiro publica en galego nos 50, pero despois volve participar no sistema literario español.

MV: Galaxia págalle entón a Cunqueiro 500 pesetas ao mes por escribir. Iso non se contou.

Se a literatura era concibida como parte da construción nacional segundo uns determinados criterios, puido ser unha limitación para a súa autonomía e ter consecuencias hoxe, polo menos a nivel de canon?

MV: Non sabemos o que quedou fóra.

CM: Eu creo que si quedaron fóra propostas máis arriscadas, de vangarda. O que valora Galaxia son as ideas de saudade, lirismo e paisaxe.

MV: O canon non só o define Galaxia. Houbo unha aposta moi forte de Piñeiro por Daniel Cortezón, por exemplo, pero quedou en nada. O tempo pasa e hai discursos que caen.

CM: Tamén cae a aposta pola filosofía nos 60, en favor da narrativa.

MV: A filosofía era un xeito de dicir que en galego se podía escribir calquera cousa, tamén filosofía. Pero Piñeiro tamén cede poder. Deixa que sexa Celestino Fernández de la Vega quen se ocupe diso.

CM: Ceder poder non é algo que Piñeiro fixese moito. Mais iso é parte do discurso construído. Un dos tópicos: Piñeiro que se sacrifica para que escriban outros...

MV: Que cede protagonismo é verdade. El traduce *Mito e realidade da terra nai* de Rof Carballo e non o di, porque interesaba que se pensase que alguén do prestixio de Rof Carballo escribira en galego.

Tivestes moitas dificultades, vós mesmas como investigadoras, para saír dese marco de ou louvanza a Galaxia ou crítica nacionalista do que non parecen saír os debates?

MV: É posible saír dese marco, pero é necesario ir aos documentos e non quedar só cos discursos de Galaxia, como di Cristina.

CM: Creo que funciona unha comprensión moi sectaria de Galaxia. O que reivindicó é un termo de Bourdieu, a *reflexividade*. Temos que explicitar cal é a posición desde a que falamos e tamén pensar como funcionan os estudos galegos: cales son as tendencias, os grupos e as consecuencias diso que sabemos ou non.



Para rematar, aspectos positivos e negativos, que cheguen a hoxe, do proxecto de Galaxia.

CM: Galaxia foi fundamental na continuidade e revitalización da cultura galega despois da guerra civil. Contribuíu a espallar o credo galeguista cando non era posible facelo por outros medios. O negativo é o uso autoritario do poder hexemónico que representaron e representan: un certo maniqueísmo do estás comigo ou estás contra min que eles promoven. E o legado culturalista no nacionalismo galego. En todo o nacionalismo. Xunto cunha orientación conservadora sobre o que debe ser a literatura galega. Galaxia encaixa no que se chamou a Cultura da Transición, cunha postura reformista.

MV: Eu só me pronuncio ata o 63, a primeira etapa. O positivo, é un proxecto moi interesante no momento en que se funda. A aposta firme pola lingua e por crear un campo literario propio. E a aposta literaria que fan, ben planificada. Eu entendo o posibilismo como un aspecto positivo, que permitiu unir xente con credos moi distintos. Eu non creo que houbera sectarismo nin uso autoritario do poder. Deixan fóra a Manuel María, é verdade, e apostan por Pimentel antes mesmo de que comece a publicar libros. Foi a súa escolla. Todas as editoras fan a súa.

CM: Sempre hai escollas, tendencias, polémicas... Mais Galaxia segue a ser hoxe unha editora connotada. Non é o mesmo publicar en Galaxia que en Xerais. É significativo que Ferrín ou, máis recentemente, Carlos Callón, Bautista Álvarez, publiquen en Xerais...

MV: E onde publican Chus Pato, Oriana Méndez ou Alberto Lema? Non debemos reducir...